

Maneiro pechará a xira de presentación de 'Un bonito despertar' no Teatro Principal de Pontevedra o sábado 2 de marzo

O músico, tamén vocalista de Herdeiros da Crus, actuará a partir das 20.00 horas e as entradas están dispoñibles a través da plataforma web [Ataquilla.com](https://ataquilla.com)



Pontevedra, 20 de febreiro de 2024.- O cantante e compositor Javi Maneiro actuará o sábado 2 de marzo no Teatro Principal, nunha cita que suporá o peche da xira de inverno de presentación do seu cuarto álbum, *Un bonito despertar*. As entradas para o directo, que comezará **ás 20.00 horas**, están á venda na plataforma [Ataquilla.com](https://ataquilla.com).

Maneiro visita nos meses de febreiro e marzo os **teatros e as salas de concertos de Galicia** presentar o seu novo disco en solitario, no que asume tanto a autoría da música coma das letras. Logo do lanzamento de *Un bonito despertar* en maio e da estrea ao vivo na Sala Capitol en xuño, o músico por fin leva o seu novo directo a un total de **sete localidades do país** grazas ao apoio da Xunta de Galicia.

A xira *Un bonito despertar* chegará o sábado 2 de marzo ao Teatro Principal de **Pontevedra** tras visitar **Boiro, Ourense, A Coruña, Lugo, Vigo e Ferrol**. Sobre o escenario, o cantante acompañarase dunha banda conformada para a ocasión, con Manu Rey (batería), Pachi Cruz (baixo), Rubén Cores (guitarra), Fernando Calvo (Guitarra) e Iria Iglesias (teclados).

Biografía Maneiro

Javi Maneiro é natural da Pobra do Caramiñal, mais reside en Ribeira desde hai 25 anos. Coñecido por ser vocalista de bandas como Heredeiros da Crus e Jabón Blue, no 2014 inicia a súa carreira en solitario, unha traxectoria que compaxinou co seu traballo nunha fábrica de conservas. No 2017 lanza o seu primeiro LP *Furtivos* e, dous anos despois, o segundo, *Acaricia mis arrugas*. A capacidade de composición de Maneiro é sorprendente: tan só un ano despois, no 2020, publica un disco acústico en formato videoálbum, *Palabras de un desconocido*.

No 2021, para celebrar os seus 30 anos na música, comeza a traballar no que será o seu cuarto disco, *Un bonito despertar*; mais no medio da gravación do disco e da xira con Heredeiros, sofre un accidente cerebrovascular. Logo do seu lanzamento o pasado mes de maio, da presentación ao vivo na Sala Capitol de Santiago no mes de xuño e dunha coidada recuperación ao longo destes meses, Maneiro inicia en febreiro de 2024 unha xira de ategada de vitalidade e entusiasmo polas salas de concertos e teatros de Galicia.

Xira de presentación *Un bonito despertar*

03.02.2024 [Boiro](#) | A Pousada da Galiza Imaxinaria, 22.00 horas

04.02.2024 [Ourense](#) | Teatro Principal, 20.00 horas

17.02.2024 [A Coruña](#) | Playa Club, 22.30 horas

18.02.2024 [Lugo](#) | Sala Jagger, 19.00 horas

24.02.2024 [Vigo](#) | Master Club, 22.30 horas

25.02.2024 [Ferrol](#) | Centro Torrente Ballester, 19.00 horas

02.03.2024 [Pontevedra](#) | Teatro Principal, 20.00 horas

Contacto de prensa Maneiro (entrevistas, acreditacións, etc.)

Lucía Pita | 675 404 321 - lucia.pita@theofficeco.es

Descarga o [kit de prensa da xira](#) 'Un bonito despertar'